Celga
Certificado Lingua Galega

2018220001

# FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

| Lugar da proba: | | Data: | | Nivel: | CELGA 2 |
|---|---|---|---|---|---|

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Apelidos e nome:** | | | |
| **DNI / NIE / Pasaporte:** | | **Nacionalidade:** | |
| **Data de nacemento:** | ____ / ____ / __________ | **Sexo:** | ☐ Home ☐ Muller |
| **Lugar de nacemento:** | ☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España<br>☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía | | |
| **Lugar de residencia:** | ☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea | | |
| **Tipo de estudos cursados:** | ☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos | | |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

## INSTRUCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruiranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

2018220001

Celga
Certificado Lingua Galega

2

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-A-18-2

Celga
Certificado Lingua Galega

2018220001

## Proba A1

Vostede, sempre moi preocupado polos dereitos da infancia, acaba de ver a seguinte reportaxe na televisión e decide compartir as súas inquedanzas a través dunha **mensaxe** no seu blog. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Expresar o seu interese por este tema.
- Explicar cales son as necesidades básicas dos nenos.
- Comentar os atropelos que, ás veces, se cometen contra eles.
- Indicar os principais dereitos da infancia.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

Celga
Certificado Lingua Galega

2018220001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

2018220001

## Proba A2

Vostede e mais o seu mellor amigo están preocupados polo moito que gastan ultimamente no carro da compra. Despois de ler o seguinte artigo, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**, de **200 palabras**, na que ten que:

- Saudalo e expresarlle a súa opinión sobre o artigo que acaba de ler.
- Explicarlle que debe facer para alimentarse ben sen gastar de máis.
- Darlle algunhas recomendacións para que non se lle estraguen os alimentos.
- Poñerlle un exemplo concreto que vostede vai poñer en práctica e despedirse.

# CONSELLOS PARA NON DESPERDICIAR ALIMENTOS



**Planificar.** O primeiro que debe poñerse en práctica para lograr unha boa nutrición, unha correcta alimentación e unha economía saudable é planificar unha dieta acorde coas necesidades. E isto só se consegue cunha previsión acertada do consumo real que se fai dos alimentos perecedoiros. A maior proba de que debemos cambiar a dinámica de «usar e tirar».

**Conservar.** Con azucre ou con sal, en aceite, no conxelador ou ao baleiro… Son moitas as técnicas que existen para conservar os alimentos, tanto en cru coma en cociñado. Entre as distintas técnicas «doces», o xarope permite aproveitar o excedente de froita fresca de tempada para gozalo noutros momentos do ano, sen tirar nin un gramo. O mesmo pode dicirse do aceite, co que é posible manter en perfecto estado outros alimentos perecedoiros, como a carne ou o queixo.

**Aproveitar todo.** Podemos poñer en marcha distintas iniciativas na casa, como:

- Incluír como alimento o que moitas veces se descarta, coma os talos, as sementes e as follas das verduras, as hortalizas e os legumes.
- Pensar en que utilidade lles podemos dar a outras partes dos alimentos frescos, como a pel das froitas. Batidos ou purés, compotas son só algúns exemplos. Coas peles que son menos agradecidas —lima, limón, laranxa etc.—, podemos relalas e utilizalas para lles dar sabor aos biscoitos.

Cando temos demasiadas verduras pero nos falta tempo para guisar, unha rápida solución é preparar deliciosos zumes de verduras.

**Reutilizar ao máximo.** Moitos alimentos, mesmo despois de seren cociñados, teñen segundas e terceiras vidas. Se nos sobran sobremesas ou doces, podemos reutilizalos como ingredientes doutras receitas: a macedonia pode converterse nun batido de froitas ou en parte dun pastel de froitas. O excedente de carnes, aves e peixes asados pode reutilizarse como recheo de pementos, como bases para sopas ou como ingrediente de croquetas. En canto ao pan, é quizais o alimento con máis posibilidades de aproveitamento: relado, en torradas, en sopas de allo, para facer migas…

**Compartir.** Este último consello, que parece unha obviedade, non sempre se pon en práctica cando organizamos unha comida e facemos pratos de máis. Se sobra moito, ademais de conxelar, conservar e reutilizar na casa, podemos obsequiar os nosos comensais cun pouco para que o leven para a casa.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer.*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

2018220001

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

2018220001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

**FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA**

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1: 

Número de palabras proba A2: 

Observacións:

2018220001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

# CELGA

## FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

2018220001

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA

CELGA

**FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA**

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

| | Adecuación | | | | Cohesión e coherencia | | | | Gramática | | | | Léxico | | | | Cualificación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | Apto/a | Non apto/a |
| A2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | | |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: